

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL IGUALDADE E A FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA PARA O MANTEMENTO DUN RECURSO DE ACOLLIDA EN OURENSE PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO EXERCICIO 2026.

REUNIDAS

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Susana Pulido Sancho que actúa en nome e representación da entidade Fundación de Solidariedade Amaranta, NIF G84913946, como Directora da mesma, en virtude da escritura pública de apoderamento outorgada ante a notaria de Madrid, dona Eva María Sanz del Real, o 4 de xullo de 2024, co número 1613 do seu protocolo, que contén os acordos do padroado adoptados na reunión celebrada o día 5 de xuño de 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

I. As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao



abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. De acordo co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. O Parlamento Europeo na súa Resolución sobre unha campaña europea sobre tolerancia cero ante a violencia contra as mulleres (*Diario Oficial* nº C 304 de 06/10/1997) de 1997 (DOC 304 do 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a "*necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres*". Ditas accións inscríbense no marco do seguimento da Declaración e Plataforma de acción de Beijing adoptada por resolución da Organización das Nacións Unidas do 15 de setembro de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión "xénero" en todas as súas políticas e



particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

V. A Lei 11/2007, do 27 de xullo, dispón *"a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren"*.

O artigo 48 da dita Lei 11/2007, do 27 de xullo, regula a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

VI. En decembro de 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias, ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o cal contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

Recolle, entre outras, a mellora progresiva da adaptación dos recursos de apoio e atención, como as casas de acollida, para recibir a calquera muller, independentemente da súa diversidade funcional/discapacidade, a necesidade de asegurar recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas, a través da rede de casas de acollida, impulsando o seu acceso a vivendas sociais a aquelas solucións que adopten as Comunidades Autónomas, a necesidade de incrementar a atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e/ou de información, en coordinación coas Comunidades Autónomas.



Galicia é unha comunidade autónoma eminentemente rural, de maneira que o establecemento de novos recursos de acollida sempre vai redundar en beneficio das mulleres do ámbito rural, que en situacións de emerxencia por causa de violencia machista vense na necesidade de acudir a centros de acollida como lugares de seguridade e fóra do seu entorno habitual.

VII. O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación, onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

VIII. En base a todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A estes efectos, o acordo ten por obxecto impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa de maneira que permitan soster os actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).



Este marco de cooperación artículase a través dun Plan Conxunto plurianual que inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, así como un Sistema común de información e avaliación.

De xeito específico, a actuación 2.1.02 que leva por título *Asistencia Social Integral e Reparación* recolle no punto 3. *O aloxamento temporal seguro, tanto de emerxencia como de longa estancia*, cuxo obxectivo é atender ás necesidades, inmediatas ou a medio-longo prazo, de recuperación das vítimas de calquera forma de violencia contra as mulleres, incluíndo nenas e adolescentes.

O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. As medidas contempladas abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección das vítimas.

Varias das medidas recollidas no novo Pacto de Estado inciden na importancia de mellorar o acceso a casas de acollida (medida 92), de asegurar coas comunidades autónomas competentes na materia a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas a través da rede de casas de acollida e incrementar e mellorar a rede autonómica en todas as súas formas e recursos de aloxamento (medida 233).

IX. A entidade Fundación de Solidaridad Amaranta foi constituída en escritura pública con data 30 de novembro de 2006 constando a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de carácter estatal por Resolución do 30 de marzo de 2007 sendo o número de rexistro asignado o 816 e figura recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-6098. Está integrada na rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, e ten como finalidade proporcionar aloxamento ás mulleres e ás e aos menores delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos.

A Fundación de Solidariedade Amaranta ten entre os seus obxectivos:

- Contribuír ao pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres en todo o mundo especialmente promovendo o acceso aos mesmos, daquelas en situacións de maior



vulnerabilidade ou exclusión social.

- Traballar a favor da incorporación social e laboral das mulleres que se atopan en contextos de prostitución, tráfico e trata para a súa explotación e outras situacións de exclusión.
- Contribuír ao cambio social a través da sensibilización e a denuncia de estruturas que non respectan os Dereitos Humanos, especialmente os dereitos sociais, políticos, económicos e culturais das mulleres.
- Coñecer e analizar a realidade social das mulleres en situación de exclusión social contribuindo de forma especial ao estudo permanente do fenómeno da prostitución e a trata de mulleres.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dun centro de acollida de transición á vida autónoma para mulleres, coa tipoloxía de vivenda tutelada en Ourense, acondicionado e autorizado para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e còmpre os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

X. A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a prestación dos servizos por parte da Asociación a través a súa vivenda tutelada contribuindo ao seu mantemento.

Considérase que a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Fundación de Solidaridad Amaranta comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coaduxen na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer vías de colaboración que fomenten a mellora dos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero existentes en Galicia e, en consecuencia, as partes consideran oportuno subscribir o presente convenio.

A concesión directa da subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario; neste caso o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres vítimas de violencia de xénero uns recursos de acollida que contén cuns servizos de calidade nunha contorna adecuada, o que se procurará a través da mellora tanto do equipamento da vivenda de acollida, dal cal é titular, destinada a tal fin como coa realización das obras necesarias para poder prestar un servizo integral de atención, apoio, acollida e de recuperación que teña en conta a especial vulnerabilidade na que se atopan estas persoas, que poidan levar a cabo as entidades que forman parte da Rede galega de acollemento, cómpresinalar que na provincia de Ourense non existe ningún recurso de acollida para mulleres que sofren violencia e xénero, o que provoca que as mulleres desta zona se vexan privadas do dereito á asistencia social integral que lles garante a Lei. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente liña de colaboración.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta, para o mantemento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero, así como as súas fillas e fillos menores en Ourense, a través da concesión directa dunha subvención pública.

O centro ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral a estas e as súas fillas e fillos, garantíndolles un espazo de protección e de recuperación.

Ofrécese un servizo de acollida onde se realiza unha intervención integral con mulleres ou unidades familiares vítimas de violencia de xénero. Desenvólvense



procesos de recuperación persoal e incorporación social que pretenden unha estabilización e unha posterior integración da muller e os menores na comunidade.

As mulleres poderán estar acompañadas polos seus fillos e fillas menores, sendo estes considerados tamén vítimas de violencia de xénero e, establecéndose por elo, medidas de apoio e protección, dada a singularidade de esta problemática.

Segunda.- Financiamento

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións de mantemento da vivenda tutelada que ten previsto desenvolver a Fundación de Solidaridad Amaranta ascende á cantidade de 312.000€.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade total de **312.000 € (trescentos doce mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, para os gastos efectivamente realizados no exercicio 2026 derivados do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia social, psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan **realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de novembro de 2026**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de persoal, gastos correntes, subministración e servizos.



Cuarta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscriba polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data e un resumo global dos resultados obtidos. Así mesmo entregárase a dita memoria en formato editable.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañárase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.
- **Gastos de persoal:** Os gastos de persoal xustificáranse mediante as **nóminas**, acompañadas dos seguros sociais e da retención á conta do imposto do IRPF xunto cos xustificantes bancarios que acrediten os seus pagamentos. Así mesmo achegárase a relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións a subvencionar a través deste convenio que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, e NIF da persoa traballadora, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberánse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).



- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación**, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura, nómina ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** doutras axudas ou subvencións que financiasen a actividade subvencionable con indicación do importe e a procedencia para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma de Galicia.

Á vista desta documentación, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.



O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **4 de decembro de 2026**.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PRO04A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sexta.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola



entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Pagamento anticipado e pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario”*.

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á



xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concederan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos seus artigos 62.3 e 67, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Oitava.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.



En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Novena.- Obrigas da entidade beneficiaria

A Fundación de Solidaridad Amaranta como entidade beneficiaria da subvención debe cumprir todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como as obrigas previstas no artigo 11 da dita Lei, entre as que se atopan as seguintes:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Remitir trimestralmente, e dentro dos primeiros vinte días do mes seguinte a



aquel, os datos relativos ás persoas usuarias do centro (número de persoas usuarias, nacionalidade, concello de procedencia, idade, estado civil, modo de derivación ao centro, vínculo co agresor, promedio de estancia no recurso e discapacidade) así como a porcentaxe media de ocupación do recurso. En todo caso os datos axustaranse ao modelo remitido pola Consellería de Política Social e Igualdade para o seu envío trimestral.

- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade., en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería



de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta das actuacións a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo de conformidade coa normativa de protección de datos.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo primeira.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo segunda.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións a subvencionar que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a esta consellería ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.



Décimo terceira.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo quinta.- Comisión de seguimento



Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación de Solidaridad Amaranta designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de de loita contra a violencia de xénero, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sexta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2024, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

3. Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava.- Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no



Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décimo novena.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2026 poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E A DIRECTORA DA FUNDACIÓN DE
IGUALDADE SOLIDARIEDADE AMARANTA

Fabiola García Martínez

Susana Pulido Sancho

